

Comunicado nº 006/22
25 de Xaneiro de 2022

□ MEDIDAS DE SEGURIDADE:

A Federación Galega de Automobilismo ten dotados os seus vehículos de rescate (R3, R4, R5, e R6) Mitsubishi LT 200, con máquinas de rescate da marca **HOLMATRO** (mecánico-hidráulicos) homologados pola "Federation Internationale de L'Automobile (FiA).

Para esta tempada, na ansia de ter as últimas novidades nos nosos vehículos, estase a negociar presupostos para mercar catro sabres **BOSCH**, modelo GSA 18V-32, e catro ferramentas (de batería), combinadas modelo SC358-E3 de **HOLMATRO**; para excarcarar os vehículos accidentados nas probas dos diferentes Campionatos de Galicia de Automobilismo.

O xogo Advanced Circuit está baseado nos requisitos de seguridade daqueles campionatos de deportes de motor nos cales todos os vehículos contan cun sistema halo para protección do condutor. Algúns exemplos son os grandes premios de Fórmula 1 e Fórmula E. A cizalla alimentada a batería deste xogo foi probada e aprobada para cortar o halo de titanio, no caso de que sexa necesario para facer espazo para a extracción do condutor despois dun accidente. O xogo tamén inclúe un separador alimentado a batería que pode ser moi útil para dobrar ou quitar do medio partes deformadas do vehículo. O obxectivo, unha vez máis, é crear o espazo necesario para rescatar ao condutor. Tamén se inclúe unha minicizalla con bomba manual para cortar os pedais. Con este xogo para rescate en deportes de motor, contaremos con todas as ferramentas que se necesita para cumprir as tarefas de rescatador de maneira óptima e para liberar de forma segura e rápida ao piloto-copiloto dun vehículo de carreiras.

